

O Concello ofrece a colexios e profesores 7.310 horas de actividades cos educadores necesarios

Máis de medio millón para actividades e programas nos centros de ensino

Páxinas 12-13



Concello de  Oleiros

Manu Taibo, campión do mundo en patinaxe sobre xeo

Páxina 16

Vivir en Oleiros

Número 78
Abril 2024
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

De 20.000 metros de extensión, destaca polo seu coidado paisaxístico e biolóxico



En marcha as obras de remodelación total de Santa Cristina

Páxina 4

Comezan os trámites para a creación da senda Naval-Canide

Páxina 8

Festival en Mera o 2 de maio, coas Tanxugueiras de cabeza de cartel

Páxina 21

Novo espazo natural Rosalía Mera

■ Foi inaugurado o parque que Sandra Ortega construíu e cedeu ao Concello en Dorneda, entre as rúas do Mar e da Poza, a un paso de Santa Cruz. O Concello outorgoulle o nome de Rosalía Mera en recoñecemento á súa colaboración coas iniciativas municipais.

Páxina 6

Abertas as preinscricións para optar a cooperativas de vivendas

As persoas interesadas en adquirir un piso a prezos inferiores aos do mercado libre poden preinscribirse na web municipal para optar a participar nunha das 3 cooperativas que se van crear para construír 54 vivendas en Perillo, Mera e Dorneda.

Páxina 10

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Política de feitos e honestidade

A clase política no Estado español sofre un incesante deterioro. Os principais responsables son os grandes partidos do Estado, PP e PSOE, que seguen a acubillar a todo tipo de personaxes que medran a calquera prezo para acadar grandes cotas de poder que utilizan para lucrase. Un mal endémico. E mentres, uns e outros escurren o bulto e intercambian acusacións, o hartazgo social aumenta, devalúase o sistema democrático e a ábreselle a porta a perigosos populismos.

Nas corporacións municipais tamén proliferan os representantes sen vocación política, nin ideoloxía, nin ética. Vivimilo aquí onde, conscientes de que o pobo de Oleiros nunca se dispararía nun pé e lles outorgaría a alcaldía, dedicáronse e dedícanse a torpedear, difamar e manipular o traballo honesto do Goberno da Alternativa dos Veciños para acadar notoriedade e ser premiados polos seus partidos cun salto a esferas superiores. Co obxectivo de desacreditarnos a toda costa, actúan habitualmente en contra

do interese xeral do municipio. Sirve como exemplo significativo o caso do individuo de Cambre que dicía ter caído no parque do Seixo e que reclamaba ao Concello 615.000 euros polos danos. Era mentira, como acaba de confirmar a xustiza, pero todos os grupos da oposición volcáronse con esta persoa e apoiaron firmemente as súas demandas e a súa inversíbil versión dos feitos. Que sucedería se chegamos a sucumbir ante o forte acoso político e mediático? O Concello perdería 615.000 euros. Que vergoña!

Esa oposición destrutiva non vai deter nos. Tampouco desviará a nosa atención nin nos fará perder o tempo, que entendemos que está para servir aos cidadáns, non para responder a calumnias e difamacións. Así actuamos e así é que antes de finalizar o primeiro ano de legislatura, son xa moitos os feitos cos que podemos seguir defendendo o noso traballo.

Tal e como nos comprometimos con todas e todos vós, comezamos a obra do

multiusos de Bastiagueiro ou a reforma total de Santa Cristina; iniciamos a adquisición do solo para a senda costeira entre Naval e Canide; temos aberto o proceso de formación de cooperativas de vivendas para a creación de 54 pisos a prezos inferiores aos de mercado; xa acabamos a rehabilitación da Finca Tenreiro; incrementamos os recursos para atención a persoas maiores nas súas casas; aumentamos as actividades complementarias á formación escolar... E imos poñerlle próximamente o colofón a obras xa iniciadas como as de Sol y Mar ou a do paseo fluvial de Iñás e San Pedro, entre moitas outras.

Tamén seguimos traballando para que as demais administracións cumpran con Oleiros. Na Deputación continuamos vixiantes para que o reparto de fondos sexa xusto; saímos á rúa para reclamar un centro de saúde digno para o norte do municipio na Casa do Mar de Mera; estamos á espera da formación do novo Goberno de Santiago para desbloquear a obra da vía Ártabra e falar de infraes-

truturas futuras para a mellora da mobilidade como a Artabriña ou o vial que vai da N-VI ata a AP-9 na Veiga; temos o compromiso do Goberno central de iniciar a ampliación da ponte Pasaxe e non imos aceptar que finalicen as obras do dragado da ría sen crear o paseo marítimo que conecte Beiramar con Cambre. Esa é a maneira de facer país, de defender a igualdade social e de facilitar o progreso económico a autónomos e pequenos e medianos empresarios. Porque os que estamos en política nos debemos á cidadanía, a mellorar e crear os servizos públicos que se necesitan, empregando con responsabilidade os cartos públicos.

Esa é a política de Alternativa, a da honradez e a da eficacia. A das persoas honestas que queren os seus pobos, que os sinten e os viven. A dos representantes políticos que se esforzan por arranxar os problemas, porque tamén os sufrimos en primeira persoa. Somos distintos e seguiremolo sendo mentres o pobo soberano de Oleiros así o decida.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O partido Popular cuestiona a xestión do Concello de Oleiros na licitación de obras e servizos

As anulacións recentes de adjudicacións municipais poñen en evidencia a incapacidade do equipo de goberno para a tramitación básica da súas contratacións.

“Desde o Partido Popular de Oleiros denunciámos a xestión chapuceira dos órganos de contratación do concello e preguntámonos que está ocorrendo desde o concello para que, cando non é o Tribunal Administrativo de Contratación Pública (TACGAL), sexan os propios servizos de Intervención municipais quen censuren ou presenten reparos en procedementos de adjudicación ditados

polo concello”. Con estas palabras cualificaba a portavoz municipal do Partido Popular, Loli Silva, os reveses que vén sufrindo na súa xestión o equipo de goberno no capítulo de contratacións nos últimos tempos.

De feito, o concello adjudicou o contrato de limpeza viaria a finais de 2023 á empresa Valoriza, por un contía que chega a 4,5 millóns de euros. O citado procedemento foi recorrido por parte dun dos licitadores ante o TACGAL, cuxa resolución supuxo a anulación de todo o procedemento. Pola súa parte, e co obxectivo de gañar tempo, el concello

viuse obrigado a negociar unha serie de prórrogas coa concesionaria (Construcciones López Cao en unión con Jardinería Arce), en tanto non se convoque una nova licitación.

“Lamentablemente, o ocorrido co contrato de limpeza viaria non é un feito illado. O interventor municipal formulou un reparo suspensivo con relación ao contrato de mantemento de parques e xardíns, toda vez que este caducara e seguir pagando as facturas á empresa por parte do concello suporía un incumprimento da lei de contratos. A pesar disto, o Concello decidiu levantar o reparo de interven-

ción e continuar cos pagos á adjudicataria ata unha nova licitación. Isto non é serio. Oleiros e os seus veciños merecen unha xestión municipal na que primen tanto a transparencia como os principios de publicidade, concorrencia e igualdade, así como uns criterios mínimos de eficacia nas súas actuacións. Preguntamos no último Pleno polas evidentes deficiencias nas licitacións e confiamos que, no sucesivo, o Alcalde tome conciencia real sobre a necesidade do rigor elemental que require a xestión de contratos públicos”, concluíu a súa declaración Loli Silva, portavoz municipal de los Populares.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

FRONTE A UNHA ACTITUDE LAMENTABLE SEGUIREMOS TRABALLANDO POR MELLORAR OLEIROS

Oleiros ten como alcalde a un “negacionista” da COVID que non usaba máscara desprezando aos demais e un “negacionista” dos seus erros. **Compra “entrevistas” semanais nas radios, co diñeiro de todos,** para uso partidista. Parécelle mal que lle contemos aos oleiros que o seu soldo en 2023 foi de 61.964,89€ de Oleiros máis 25.424,3€ da Deputación, casi 90.000 € (<https://linktr.ee/psdegoleiros>), ou que gastan 6.000€ en amoblar un só despacho.

Os 2 euros que de cada 100 do orzamento gastan en pagar 13 concelleiros e 7 asesores contratados a dedo, **non evitan que xestionen mal e que perderan na Senda de Iñás a Nós 2.138.768€ de subvención** e que agora teñan que gastar outros 200.000€ en asesores externos para que tramiten ben as axudas. Os servizos cada vez están peor: **pagan, contra a opinión do Interventor por incumplir a Lei, o contrato CADUCADO de Xardinería; e o TACGAL acaba de botarlles abaixo o contrato de Limpeza Viaria de 4.500.000€ pola “falta de**

transparencia e eivas graves na súa adjudicación”. E nas radios, **pagando,** o Alcalde nos conta que todo está ben, **negando os problemas da veciñanza:** a falta de vivenda pública, a falta de prazas nos centros de día e nas residencias, os problemas cas árbores que caen, ca recollida de lixo, estradas colapsadas, falla de beirarrúas, rotura de tubaxes, transporte público, comercio, etc.

Os socialistas levamos presentadas 25 mocións e 60 rogos e preguntas sobre carencias ou posibilidades de mellora, dende unha **postura**

esixente e propositiva. A resposta? Modificar o ROM para calarnos. “Moléсталles” o noso labor rigoroso de OPOSICIÓN E FISCALIZACIÓN da xestión Municipal, e ao **“atrevernos” a denunciar irregularidades, o Sr. García perde os papeis e non dubida en insultar, vexar, calumniar, difamar e ata ameazar de morte colocando a Oleiros nunha situación incómoda diante de toda España.** Intolerable que Oleiros teña á fronte a unha persoa que se comporte así. **Ofrecímoslle rectificar e negouse.** Pero nós imos seguir a traballar por Oleiros.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

VIVENDA PROTEXIDA XA!!

A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado.

Perante esta emerxencia, o Estado dende o 2010, deixou de conceder axudas para a súa adquisición. No actual plano de vivenda 2022-2025, non hai nin un euro para fomentar a venda ou o aluguer. As axudas á construción desapareceron. O prezo inalcanzable e prohibitivo que alcanzaron

os inmóbeis en toda Galiza, nomeadamente en Oleiros líder na comarca en licenzas de obra e un dos concellos co metro cadrado máis caro, segue desencadeando a demanda de vivenda protexida. Na Xunta comprometéronse a construír 737 vivendas protexidas nas sete cidades galegas, cando xa ascende a 5.209 as persoas que só na provincia da Coruña agardan conseguir unha casa a un prezo accesible. Irrisório e ridículo. No Concello tamén debemos recuperar a por-

centaxe de reserva de vivenda protexida anterior ao 2014, xa que dende esa data a baixada da vivenda protexida pasou do 33,42% ao 10% e no 2020 ao 6,4%. Entendemos que con 54 novas vivendas “públicas” ou con ocorrencias como a de adicar os baixos comerciais a vivenda pouco ou nada se amaña. Oleiros é o quinto Concello do país cos alugueiros máis caros segundo os últimos datos. E segundo o INE, Oleiros ten 3.555 vivendas

valeiras sobre as 19.268 que contabiliza o devandito estudo, un 18,4% do total. É un incremento de catro puntos con respecto ao 14,4% existente no 2011. Coincide, por certo cun importante incremento da concesión de licenzas para novas vivendas. No BNG defendemos unha política de vivenda que dea prioridade aos alugueiros sociais e promova o uso das vivendas baleiras, priorizar o xa existente máis que a nova construción.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.

EDITORIAL • A historia non os absolverá

Estamos a asistir a un cruento xenocidio contra a poboación palestina que ocupa a denominada Franxa de Gaza. Unha gran xaula humana de 365 km² na que 2 millóns de persoas, bloqueadas por terra, mar e aire desde hai décadas, están a ser borradas do mapa sen tan se quera posibilidade de fuxida, con todos os pasos fronteirizos pechados.

Desde outubro, un dos exércitos mellor equipados do mundo ataca de maneira indiscriminada hospitais, escolas, edificios residenciais, campamentos de refuxiados, destacamentos de ONG... É un exterminio de persoas sen filtros de ningún tipo, no que os nenos e nenas están a sufrir a peor parte. A crueldade do Goberno israelí é tal que non permiten a entrada nin de alimentos nin de medicamentos para matar de fame e de enfermidades aos que non caen a bombazos.

Esta horripilante invasión militar está a contar co beneplácito da O.N.U. e da maioría dos Gobernos democráticos de Occidente, que apoian ao Estado de Israel. Os líderes políticos e diplomáticos mundiais levan meses exercendo de títeres e lacaios dos amos do mundo. Só agora, cando a devastación xa é total e se albisca a fin dos ataques israelís, empezan a escoitarse tímidas denuncias por parte dalgúns dirixentes. Intentan limpar consciencias e currículos, sabedores de que a historia non os absolverá.

O certo é que as febles condenas de tan delezna- bles feitos chegan tarde, moi tarde, para os milleiros de asasinados e feridos, así como para os que o perderon todo -co pouco que xa tiñan-. Aínda que o intenten ocultar, os autoproclamados defensores da democracia e dos dereitos humanos no mundo fixe-

ron caixa vendendo inxentes cantidades de armas que causaron a morte e a destrución total de Gaza.

O Goberno corrupto de Netanyahu leva meses asasinando impunemente, pero para Israel non se decretan bloqueos económicos nin comerciais, cos que os países occidentais si castigan á poboación de Estados con gobernos non afíns. A axuda humanitaria prestada á poboación de Gaza foi ridícula e non houbo nin o máis mínimo intento de prestar o apoio militar que precisaban os 2 millóns de palestinos para defenderse da masacre.

A nosa civilización, esa que críamos a máis avanzada da historia, está sumida entre as tinieblas da deshumanización. Asistimos a un novo modelo social imposto no que predomina o egoísmo e no que non se empatiza coa dor allea. Mesmo ante un horror humano como o do xenocidio de Gaza a reacción que se pretende inocular é da indiferencia.

Mais os téntáculos da dominación, cada vez máis estendidos en todas as sociedades do mundo, nunca poderán calar aos que cremos no dereito de todos os pobos a vivir en paz na súa terra. Non poderán silenciar a millóns de persoas no mundo concienciadas que militamos na trincheira do humanismo e da solidariedade. Promovendo as artes e a cultura, proporcionando información veraz e cultivando o pensamento crítico é posible crear territorios libres para abrir as mentes e derrotar ao monstro da deshumanización.

Hoxe é Palestina, pero mañá podemos ser nós. Rubios, morenos, cristianos, mulsulmáns, occidentais, orientais... Todas as vidas humanas valen o mesmo. Non nos deixemos levar polos camiños da ruindade humana.



A transformación de Santa Cristina en marcha

Obras na avenida e nas rúas Humboldt e Linneo



◆ Comezaron as obras de reurbanización completa da avenida de Santa Cristina. Para causar os mínimos transtornos posibles, os traballos realizaranse por tramos. O Concello solicita a comprensión e colaboración dos veciños e veciñas así como de hostaleiros e empresarios para poder levar adiante esta importante actuación.

Santa Cristina vai experimentar unha seria transformación, en especial na zona máis próxima á praia, pero tamén nalgúns rúas que conflúen na avenida. Comezan meses de obras que mellorarán esta carismática área, un dos maiores centros de vida social do municipio.

Aos paseos marítimos, o parque José Martí, o complexo da Fábrica, o histórico torreón Bescansa, únese agora a transformación da Avenida central de Santa Cristina, que ampliará beirarrúas, gañará accesibilidade, limitará velocidades, mellorará a seguridade e suporá unha renovación total da súa urbanización.

Ao tempo, refórmanse as rúas Humboldt e Linneo, a cargo das arcas municipais, pois son dúas vías moi complementarias da avenida e que canalizan boa parte da mobilidade da zona. En total, o investimento é de 1,8 millóns de euros.

Coa futura ampliación da Ponte da Pasaxe (que depende do Goberno de España) e incluso coa solución que ao final se lle dea á actual rotonda do inicio da Avenida de Che Guevara, teremos unha conformación vial que a medio e longo prazo podería ir resolvendo os problemas derivados da condición de embudo que presenta este lugar crítico para a mobilidade entre os concellos de Oleiros e A Coruña.

MELLORAS NO TRANSPORTE PÚBLICO

O Concello reiterará á Xunta de Galicia a necesidade de recuperar a conexión dos bus urbano 1-A da Coruña con Santa Cristina, máis se cabe este verán con motivo da realización destas obras. Este servizo público foi eliminado pola Xunta o pasado verán de maneira unilateral co pretexto de que o Concello pagase 49.000 á empresa Cal Pita, en contraprestación á suposta perda de pasaxeiros nos anos 2019 e 2022. A cantidade non estaba debidamente xustificada e, polo tanto, o Concello de Oleiros non a aboou.



Avances nas expropiacións previas á ampliación da Ponte da Pasaxe ▼

◆ O Ministerio de Transportes, a través da Xefatura de Estradas, solicitou ao Concello de Oleiros a colaboración para dispoñer dalgúna dependencia municipal na localidade de Perillo para proceder á notificación dos expedientes de expropiación das parcelas e edificacións afectadas polas obras de ampliación da Ponte da Pasaxe. O local designado polo Concello será o Torreón Bescansa, nas inmediacións da ría e integrada no paseo.

O Goberno central ten o compromiso de licitar as obras de ampliación da ponte unha vez finalicen os traballos en Sol y Mar.



Próxima apertura da rotonda de Sol y Mar e da rúa Areal ▼



◆ Están a finalizar os traballos de creación da rotonda sobre o túnel de Sol y Mar que permitirá a reapertura do tráfico na rúa Areal. Aproveitando o peche desta rúa, o Concello aproveitou para renovar as redes de pluviais e saneamento.

Unha vez liberado de obras o túnel e a rotonda, os traballos centraranse durante os vindeiros meses en rematar todas as obras complementarias previstas na zona: reurbanización completa da rúa As Garridas, construción de pasarela peonil entre as prazas dos Areeiros e Agramar, renovación de beirarrúas na rúa do Areal, pavimentación do estacionamento da rúa do Areal, creación da vía de conexión coa rúa Revolta e instalar novas marquesiñas.

Ademais, para facer máis operativa a mobilidade da veciñanza e evitar rodeos, está a crearse un acceso directo para os garaxes pola praza Agramar para evitar circular ata a ponte da Pasaxe.



Desbloqueada a mellora da seguridade viaria ► no Pazo de Lóngora

◆ Tras máis demora da aceptable pola falta de dilixencia da Deputación da Coruña e das compañías Naturgy e Telefónica, están avanzando a bo ritmo as obras de ampliación da calzada na avenida Casares Quiroga, á altura do Pazo de Lóngora. Tamén se están a crear beirarrúas para mellorar a actual conexión peonil entre o Muíño do Vento e a Igrexa de Liáns.



Espazo natural Rosalía Mera, novo lugar para o lecer e a convivencia

■ *Acaba de inaugurarse o parque que Sandra Ortega construíu e cedeu ao Concello de Oleiros en Dorneda, entre as rúas do Mar e da Poza, a un paso de Santa Cruz. O Concello outorgoulle o nome de Rosalía Mera.*

◆ O parque ten diversas estancias, diferenciadas pola vexetación e a función social e natural para o que están concebidas. Contra a rúa do Mar, a máis transitada, existe unha senda que permite circular con maior seguridade, creando agradables recunchos para o descanso como os restos dunha pequena edificación que se ambientaron con dous murais de Lidia Cao.

Tamén recuperaron antigos muretes de pedra, aproveitando o seu engado para crear distintas estancias con maior ou menor grado de intimidade. Na zona central dispúxose un agradable estanque para a vida acuática, con pedras e vexetación adaptadas a ese escenario vivo. Algunhas pezas arbóreas mantivéronse coas súas formas naturais para reforzar o seu valor ornamental en combinación co resto dos arbustos e árbores que fan do conxunto un espazo senlleiro.

O coidado paisaxismo das distintas estancias dedicadas ao benestar e a contemplación inclúe mobiliario de deseño contemporáneo e xogos, tanto baixo abrigo como á intemperie, que xunto os parterres con vexetación de amplo cromatismo e aspecto natural, conforman un espazo digno de ser visitado e admirado.

As diversas plantacións, algúns muretes e as sendas do parque, xunto co novo estanque que se instalou no seu recinto incrementan o seu engado paisaxístico. O Espazo natural Rosalía Mera é o resultado da colaboración entre o equipo técnico do Concello de Oleiros, a empresa Orza Paisajismo, o grupo naturalista Hábitat e a empresa de economía social Trébore Jardinería e a muralista Lidia Cao. Alumnado dos centros públicos tamén colaboraron na prantación de árbores. O busto de Rosalía Mera é obra de Ricardo Crista.

Á beleza natural do novo parque hai que sumar o fermoso xesto da súa cesión ao Concello por parte de Sandra Ortega, xa que en toda a superficie de 20.000 metros cadrados podían ser construídas 88 vivendas.



As características biolóxicas como as paisaxísticas están coidadas ao máximo, con hotéis para insectos, criadeiro de anfibios, refuxios para morcegos ou outros detalles que o converten nun lugar especial.



DENOMINACIÓN DO PARQUE

A decisión de chamarlle Rosalía Mera foi tomada polo Concello debido á vinculación que a empresaria tivo co municipio, con quen colaborou en moitas ocasións, apoiando proxectos de cooperación internacional con países de América Latina e África, especialmente aqueles vinculados coa defensa das mulleres e a infancia. "É de ben nados ser agradecidos e sóbrannos razóns para darlle o seu nome a este fermoso espazo para o lecer", dixo o alcalde, Ángel García Seoane, no acto de inauguración.

Aberta a aula de estudo nos xardíns da Biblioteca Rialeda ▼



◆ Está a disposición de todos os veciños e veciñas unha aula de estudo nos xardíns da Biblioteca Central Rialeda en Perillo, con 34 postos e coas condicións necesarias para facilitar o silencio e a concentración dos usuarios e usuarias. Está aberta ao público de luns a venres, en horario ininterrompido de 8:15 ás 21 horas.

Esta agradable e luminosa aula convértese nun espazo complementario ás 7 bibliotecas municipais de Rialeda, Santa Cruz, Oleiros, Dorneda, Mera, Nós e Lorbé. A estes centros hai que engadir tamén o do Pazo de Lóngora, especializada en temas ambientais e que forma parte do CEIDA.

A nova aula de estudo dispón de conexión a Internet con acceso WI-FI gratuito e enchufes nas diferentes mesas. A instalación ten accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

0 4 de maio inaugúrase o albergue da Finca Tenreiro

◆ Finalizadas as obras de recuperación do edificio en ruínas da Finca Tenreiro, o sábado 4 de maio realizarase o acto público de inauguración do albergue creado neste singular parque público. Está dotado con 28 camas, ademais de cociña, aseos, duchas... O seu principal uso será para campamentos urbanos de nenas e nenos de Oleiros que organiza o Concello. **O acto de inauguración será o sábado 4 de maio ás 17:30 horas**



Próxima apertura da cafetería-restaurante das Trece Rosas ▼

◆ O día 1 de xuño está prevista a apertura da cafetería-restaurante do Parque das Trece Rosas, un refuxio sobre o horizonte da ría que sen dúbida se converterá nun atractivo máis dese gran parque sobre o acantilado de Liáns. Tamén están ubicados na instalación os baños públicos do parque.



Unha ovella negra na Casa de préstamo de Bastiagueiro

◆ Un recente episodio provocado por algunha persoa fóra de si, deixou bastantes desperfectos na Casa de préstamo da praia de Bastiagueiro. Danos en baños, na barbacoa e unha desorde xeralizada en toda a casa tras unha festa.

As casas son para festas, pero tamén para exercer e practicar a responsabilidade de quen a solicita. Están pensadas para que grupos de amigas e amigos poidan realizar os seus encontros en total liberdade, sen tutela algunha por parte de ninguén. É un servizo gratuito que conleva a obriga de deixar o lugar nas mesmas condicións de orde e limpeza que se recibe.

A imensa maioría das persoas cumpren esa condición con absoluta responsabilidade cívica, o que fala da boa raíz da xente moza de Oleiros, destinatarios principais destes centros. Pero sempre ten que haber algunha ovella negra que dá a nota, como aconteceu esa fin de semana en Bastiagueiro, onde se incumpriron varias normas, ademais da propia violencia contra o mobiliario.

Comezan os trámites expropiatorios para crear a senda costeira entre Naval e Canide ▼



■ O Goberno municipal aprobou no pleno o expediente de expropiación para a creación da senda litoral de 2,5 km que unirá Naval e Canide. O investimento total supera os 2,8 millóns de euros, dos que 253.341,61 euros serán para a adquisición do solo necesario para realizar o paseo. PP, PSOE e BNG non votaron a favor da creación desta nova infraestrutura pública.

◆ A senda partirá da praia de Naval, dirixirse á punta de Boi de Canto e tras pasar por Breixo e a praia das Margaridas chegará ao bosque municipal de Canide, onde conectará cos paseos desa urbanización e en xeral coa rede de paseos marítimos de Mera. Unha senda que pasa por lugares como a Fonte da Pichoca, na mesma praia de Naval, Boi de Canto, a península da Estripia, A Barrosa, a praia dos Lagos, a illa do Castelo Pequeno, a praia das Margaridas e o Castelo Grande, para achegarse a Canide desde a zona de Coidelos.

Este treito do litoral de Dorneda, paralelo á rúa do Mar, constará dunha anchura duns 6 metros, suficiente para trazar un paseo ciclopeonil accesible capaz de converterse nun itinerario costeiro alternativo ás vías interiores.

Costas desatende o paseo de Santa Cruz e frea ao Concello para arranxalo ▼

◆ A Demarcación de Costas da Coruña continúa a desatender as súas obrigas no litoral de Oleiros e négase a realizar diversas actuacións da súa competencia no paseo marítimo de Santa Cruz e na conexión co parque das Trece Rosas; ademais de impedir que o Concello actúe.

O actual xefe de Costas pretende que para arranxar os desperfectos o Concello solicite unha concesión do Estado, coma se ese treito de costa fose a ser utilizado para unha industria, actividade ou construción. As concesións son procedementos burocráticos a todas luces innecesarios en casos coma este, xa que prolongan o tempo de resposta e complican os servizos públicos con xestións absurdas, cando os terreos son do Concello.



Os paseos costeiros, o Bosque de Xaz e o Monumento Natural declarados sendeiros azuis europeos ▼



■ O Concello recibiu 3 galardóns europeos que recoñecen como sendeiros azuis europeos a costa libre do municipio, o Monumento Natural e o Bosque de Xaz. O elevado número de quilómetros de paseos e sendeiros existentes a carón do mar ao longo de todo o litoral e a desprivatización e conservación do Bosque de Xaz fai posible este importante recoñecemento.

◆ A entidade europea ADEAC, que entrega estes prestixiosos galardóns analiza a preservación e mellora das condicións ambientais existentes, a seguridade e facilidade de uso para os visitantes e unha xestión integrada e coherente dos valores naturais, históricos, culturais e etnográficos que conforman o noso patrimonio litoral. A costa de Oleiros, desde a ría da Pasaxe ata Lorbé, e o Bosque de Xaz cumpren claramente con todos estes criterios de valoración.

Clamor veciñal para que a Casa do Mar de Mera se converta en Centro de Saúde para o norte do municipio

■ A veciñanza de Maianca, Serantes e Dexo expresou de xeito contundente a súa reclamación para que a Casa do Mar se converta nun centro de saúde, incluíndo a primeira planta na estrutura actual do consultorio médico e incorporando de inmediato un pediatra a tempo completo, ademais de reforzar os actuais servizos médicos e ofrecer unha serie de novas especialidades como saúde mental, radioloxía, nutrición, fisioterapia ou rehabilitación.



◆ A convocatoria do Goberno municipal foi secundada polas entidades veciñais e por numerosos veciños e veciñas indignados coa carencia de medios e profesionais existentes no actual consultorio. Numerosas persoas portaban cartelóns que reclamaban un centro de saúde digno para o norte do municipio, que se reduzan os tempos de agarda para consulta médica ou que desde a Xunta non están prestando unha atención de calidade ás 5.000 persoas que viven en Dexo, Serantes e Maianca.

A Casa do Mar de Mera foi reformada hai 12 anos cun investimento de 250.000 euros para acoller un centro de día na súa planta superior, pero nunca se chegou a prestar ese servizo.

Arestora hai unha clase semanal de pilates, para o que a Xunta ten contratado un servizo de conserxería e dirección. De todos xeitos, tamén se detecta un progresivo deterioro das instalacións do inmoble, que debe ser reparado de contado para non chegar a males maiores.

A infrautilización do edificio ten indignada á veciñanza, que ten que soportar importantes demoras nas citas, de 8 días para o médico de cabeceira ou de 3 semanas para facer unha analítica.


A Xunta finaliza os accesos ao Porto de Lorbé sen realizar o saneamento ▼

◆ A Xunta, tras repetidas demandas do Concello durante máis de 10 anos, finalizou o tramo de 200 metros de conexión da vía Ártabra co Porto de Lorbé que deixara sen realizar no seu momento. Incomprensiblemente, esa obra non contemplaba a rede de saneamento das empresas e edificios situados na zona portuaria, que están vertendo directamente o mar. Nese momento, o Concello volveu reclamar que modificasen o proxecto para dotar de rede de alcantarillado ao porto e eliminar a contaminación existente. A Xunta atendeu en parte a petición do Concello deixando colocados os tubos, pero finalizou a obra sen crear o bombeo necesario para que as augas residuais do Porto de Lorbé poidan chegar ata a depuradora municipal que hai 450 metros máis arriba.

É Portos de Galicia, organismo da Xunta, o que ten sen alcantarillado o Porto de Lorbé e o que debe construír o bombeo necesario para acabar coa actual contaminación.



Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscrición para darte de alta neste servizo.

Aberto o prazo de preinscrición para optar a participar en cooperativas de vivendas en Perillo, Dorneda e Mera ▼

■ *As persoas interesadas poden rexistrarse na web municipal: www.oleiros.org/coop*

◆ As veciñas e veciños de Oleiros que desexen adquirir un piso a prezos inferiores aos do mercado libre poden preinscribirse para optar a participar nunha das 3 cooperativas que se van crear para construír 54 vivendas: 13 na rúa Dona Emilia en Perillo, 19 na rúa Eduardo Galeano en Mera e 22 na urbanización de Xaz en Dorneda –avenida Europa-. Inicialmente, só poderán participar persoas empadroadas en Oleiros que non superen os criterios económicos máximos establecidos pola Xunta de Galicia para acceder a vivendas de protección de oficial.

Todas as persoas preinscristas serán informadas polo Concello do procedemento a seguir para formar parte das cooperativas que creará a empresa encargada de xestionar a construción das vivendas.

Nas vindeiras semanas formalizarase a venda das 3 parcelas municipais para edificar estas vivendas á empresa que formará as cooperativas. Este solo foi acadado gratuitamente pola xestión urbanística que realiza o Goberno municipal, que garante un crecemento ordenado e sostible do territorio. Ante a falta de políticas públicas por parte das administracións competentes en vivenda (Xunta e Estado), o Concello de Oleiros optou por esta vía para garantir un dereito básico da cidadanía, fortemente ameazado en todo o Estado español. Debido ás condicións ofrecidas pola Xunta, o sistema convencional de fomentar a construción de vivenda pública non funciona, xa que non interesa a ningunha empresa promotora.



Seguen á venda parcelas para vivendas unifamiliares e plurifamiliares ▼

.....
As persoas interesadas poden informarse na Secretaría Xeral do concello ou a través da web municipal.

◆ Á marxe das vivendas de protección, o Concello ten á venda solo para a construción de vivendas libres. Hai dispoñibles tres parcelas para construír pisos e cinco para casas unifamiliares ou pareadas. En total suman dous millóns de euros que se destinarán a financiar novas obras e mantemento dos servizos públicos.

PARCELAS PARA VIVENDAS UNIFAMILIARES ▼

LOCALIDADE	SUPERFICIE	VIVENDAS	EUROS
■ Oleiros (rúa Francisco Llorens)	546,97 m ²	2	191.570,60
■ Oleiros (rúa Francisco Llorens)	520,32 m ²	2	158.069,07
■ Iñás (avenida Espoz y Mina)	537,50 m ²	1	94.205,00
■ Dorneda (Xaz, rúa Bélxica)	600,00 m ²	2	150.491,99
■ Dorneda (Xaz, rúa Alemania)	615,44 m ²	2	150.491,99

PARCELAS PARA PISOS ▼

LOCALIDADE	SUPERFICIE	VIVENDAS	EUROS
■ Mera (rúa Eduardo Galeano)	745,77 m ²	15	734.385,86
■ Oleiros (rúa Obelisco)	370,72 m ²	6	208.469,19
■ Mera (rúa Curros Enríquez)*	590,78 m ²	3	128.833,66

* Proindiviso 10%

Sentenza xudicial favorable ao Concello ante a suposta caída dun veciño de Cambre no Parque do Seixo

■ **BNG, PSOE e PP** posicionáronse do lado do demandante, que pretendía cobrar 615.000 euros do Concello

◆ En relación coa denuncia presentada por un veciño de Cambre reclamándolle ao Concello de Oleiros 615.000 euros por unha presunta caída mentres paseaba un can no Parque do Seixo, o TSXG acaba de emitir unha sentenza favorable ao Concello, desestimando por “contraditorios” e “incoherentes” os argumentos do demandante. O TSXG indica que “todo apunta a outra orixe das lesións padecidas, posiblemente en data distinta, anterior e noutro lugar”.

Tal e como recolle a sentenza, “a versión dada polo demandante nada ten que ver co parte médico elaborado no CHUAC”. As datas que indica o denunciante e as dos informes médicos non coinciden. Ademais, o médico declarou que é “case imposible” saír dun embarcadoro de tres metros con fracturas de clavícula, vértebras e hipotórax esquerdo. Segundo o médico o demandante atopábase “baixo os efectos das drogas”.

Non hai unha soa testemuña que presenciase a presunta caída, de madrugada. Non existe aviso ningún á Policía. Mentres a muller do demandante dicía que o atoparon inconsciente, o persoal de urxencias afirmou que estaba consciente. Os efectivos médicos tampouco viron o can no lugar dos feitos, e que supostamente provocara a caída ao embarcadoro, que o demandante dixo estar sen auga, cando realmente a marea estaba chea.

Malia a existencia deste cúmulo de contradicións e o intento por parte do demandante de obter en concepto de indemnización 615.000 euros das arcas municipais; o BNG, PSOE e PP deron pábulo ao demandante co único fin de desgastar ao Goberno municipal, sen importarlles o grave prexuízo que se pretendía causar á economía do Concello.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia exclúe de calquera responsabilidade ao Concello de Oleiros polas “innumerables dúbidas en torno á veracidade do alegado” polo veciño de Cambre, que deberá aboar ao Concello 1.000 euros en concepto de gastos xudiciais.



14 La Opinión
Sábado, 15 de septiembre
de 2018

oleiros

Socialistas exigen la dimisión de Seoane por el accidente en O Seixo

El PSOE reclamará responsabilidades en el próximo pleno y carga contra el alcalde por ignorar sus peticiones de vallar el foso

Redacción
OLEIROS

El grupo municipal del PSOE en Oleiros pedirá en el próximo pleno la dimisión del alcalde, Ángel García Seoane, por el accidente registrado en el parque público de O Seixo en el que resultó herido grave un hombre al caer en uno de los fosos. El portavoz socialista, Jorge Pérez, recuerda que su formación solicitó en numerosas ocasiones el vallado de los fosos y la mejora en la señalización y lamenta que sigan sin tomarse medidas pese a lo ocurrido.

La formación critica que el Ejecutivo siga sin tomar medidas. “No hay ni un triste vallado”, lamentan

“Todo sigue exactamente igual, no existe ni la más mínima señalización, ni un triste vallado, ni tan



Viejo embarcadero en el parque de O Seixo donde se cayó un hombre. | L.O.

siquiera un precinto de la Policía Local o de Protección Civil”, denuncia el PSOE en un comunicado remitido a los medios.

La formación responsabiliza de la situación al Gobierno local y carga contra la “manifiesta incompetencia, la grave negligencia, la prepotencia y del desprecio mostrado por el alcalde ante las múltiples peticiones” para adecuar esta zona. “Este señor no debe seguir ni un minuto más alcaldía de Oleiros”, sostiene la formación.

O Tribunal Supremo avala as denuncias do Goberno municipal ante a recalificación de solo ilegal no Seixal

◆ O Tribunal Supremo admitiu a trámite un recurso do Concello de Oleiros contra a recalificación de solo ilegal que pretende realizar o Concello de Cambre no Seixal, nos 43.850 metros do entorno das Casas Bailly. A masificación residencial que pode producirse coa construción dun importante número de vivendas afectará dalgún xeito non só ao paisaxismo urbano da zona, senón tamén aos aspectos relacionados coa mobilidade, pois a súa influencia non afecta só ao municipio de Cambre, senón que pode crear problemas na rede viaria de Oleiros e accesos á cidade. O recurso admitido agora polo Supremo fora rexeitado inicialmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, impide calquera tipo de recalificación e esixe aos concellos a elaboración de Plans de Urbanismo. No caso de Cambre, ao non contar con Plan Xeral, non podería realizar esta operación na que 43.850 metros cadrados de solo rústico pasarían a ser solo urbano e lle outorgarían 25.586 metros cadrados de construción. Con esta actuación, o solo pasaría de valer 10 euros/metro a 300 euros/metro.

A educación en Oleiros, moito máis que a formación académica ▼

▪ O Concello inviste medio millón de euros en programas complementarios e numerosas actividades para o alumnado dos centros de ensino público, desde infantil ata bacharelato.



◆ A educación é un concepto moito máis amplo que o que recollen os plans reglados. Sendo importantes, tamén o son outras materias que o sistema escolar non contempla como obrigatorias, pero que o Goberno municipal considera de relevancia máxima.

Coñecer o municipio, a contorna e o país mediante excursións, introducir na educación conceptos tan contemporáneos e de primeira magnitude como a sexualidade, a igualdade, a educación medioambiental, os hábitos saudables ou outros valores cívicos están na cerna do enorme despregue que se realiza desde o Concello para complementar as carencias do sistema educativo e axudar á cativada a medrar máis consciente e feliz.

O Concello de Oleiros dispón dun departamento dedicado a organizar o seu destacado apoio á educación a través de constantes

colaboracións cos centros educativos de todos os niveis. Os claustros de profesores reciben cada ano o completo surtido de actividades pedagóxicas e elixen as que consideran máis interesantes para complementar os contidos de cada clase.

Cada actividade ten un valor pedagóxico determinado e recoméndase para o alumnado dunhas ou doutras idades. En conxunto, a oferta de actividades para este curso inclúen 278 sesións de orientación en valores; 133 excursións de un, dous ou tres días e 2.500 sesións de hortas escolares. En canto á educación artística hai 56 sesións de música, danza e teatro, e a educación viaria dedícanse 50 sesións.

En total o Concello ofrece 7.310 horas de actividades cos educadores necesarios aos centros de ensino público.

Os valores de hoxe en día ▼

Un conxunto de catro programas distintos conforman este bloque de actividades dedicado a incidir en cuestións que dalgún xeito afectan á xente moza e non están recollidos como deberan no sistema educativo. O Concello organiza programas de prevención das adiccións; mediación para resolver conflitos e previr a violencia formando a profesorado e alumnado; alimentación saudable; igualdade de xénero; educación afectivo sexual; e uso de novas tecnoloxías.

Con este amplo abano de actividades cultivamos a construción dun mundo máis humano



Coñecendo o territorio e a cultura



O Concello financia 133 excursións anuais para os colexios con saídas polo municipio e por toda Galicia, nas que participan máis de 3.000 alumnas e alumnos en compañía do profesorado correspondente. Nestas excursións mestúrase o ocio, coa educación medioambiental e se lles facilita ao profesorado a posibilidade de desenvolver traballos de investigación ou culturais darredor dos destinos que visitan.

Neste programa tamén se inclúen os hortos escolares, apoiados con educadores contratados a xornada completa que rotan polas distintas escolas.

Teatro, música e danza ▼



O teatro, a música e a danza conforman estas actividades que teñen como principal obxectivo que nenas e nenos experimenten as ensinanzas que ofrecen as tres escolas municipais que ofrecen este tipo de estudos. As de música diríxense ao alumnado de terceiro de educación infantil, mentres que as de danza e teatro, ao matriculado en 5º e 6º.

O alumnado de primaria ademáis asiste aos concertos pedagóxicos que teñen lugar nos auditorios da Fábrica ou Gabriel García Márquez.

OUTROS PROGRAMAS

Nos centros desenvólvense programas de educación viaria. Fóra dos colexios e polas tardes, o Concello oferta clases de reforzo en distintas casas do pobo. Para as familias tamén hai obradoiros sobre adiccións, saúde, o acoso e ciberacoso, prevención do suicidio e o emprego de internet e videoxogos.

Actividades deportivas ▼

No capítulo deportivo, o Concello tamén ofrece un variado surtido de actividades. Para os institutos prográmanse actividades de zumba, parkour, remo, kaiak, surf e sendeirismo. Nos centros de primaria impártense actividades complementarias de defensa persoal, escalada deportiva, rugby, hóchey a patíns e body box.



Apoio directo a ANPAS e centros de ensino ▼

Outro capítulo de axudas á educación consisten nas liñas de subvencións abertas para asociacións de nais e pais e para os propios centros de ensino, que reciben directamente cartos municipais para distintas actividades educativas, festivas, culturais ou deportivas. Ás 8 ANPAS o Concello entrégalles 55.500 euros e aos centros algo máis de 80.000. A isto hai que engadir o capítulo de comedores, para o que o Concello aporta 66.000 euros.

Tamén desde as bibliotecas ▼

Alumnos e alumnas de infantil, primaria, ESO e bacharelato tamén participan nalgunha das 146 sesións distintas que o Concello pon a disposición dos centros de ensino para animar á poboación moza a ler. O obxectivo é contribuír a unha sociedade máis culta, libre e solidaria.

Contacontos, narracións, concertos e teatro en relación á obra de figuras como Rosalía de Castro, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Álvaro Cunqueiro, Julio Cortázar, Yolanda Castaño e Luisa Villalta.

As actividades contan coa colaboración dun amplo número de artistas e intelectuais como Ramiro Neira, Pablo Díaz, Yolanda Castaño, Óscar Villán, Miguel Cuba, Charo Pita ou Isabel Andrés, ademáis das compañías teatrais Trémola ou Trinke Trinke.



Acto en lembranza de José Couso lamentando a impunidade do seu asasinato en Bagdad ▼



◆ **“Cando lle din un bico na fronte ao corpo do meu sobriño xurei que mentres me quedase un sopro de vida dedicárame a reclamar reparación e xustiza para José Couso”.** Esas foron as emotivas palabras do seu tío, Rafael Permuy, no acto celebrado en Perillo co que se pretendía continuar denunciando que os responsables do asasinato do xornalista galego hai 21 anos no hotel Palestina de Bagdad seguen sen responder por este crime de guerra ante a xustiza española.

No acto tamén participou o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, outro tío de Couso, Francisco, e o xornalista Alfonso Hermida, en representación da plataforma Defende A Galega, premiada co galardón José Couso á liberdade de prensa do Colexio de Xornalistas de Galicia. Tras agradecer á familia de José Couso a súa presenza, o alcalde

culpou ao “veneno da avaricia” de todas as guerras provocadas polos Estados Unidos, como a que acabou coa vida de Couso. “Un profesional da nosa terra que foi atacado covardemente xunto a outros compañeiros mentres facían o seu traballo de informarnos, porque a pesar das numerosas presións exercidas polos Gobernos de Bush e Aznar, houbo xornalistas decentes e valentes como José Couso que decidiron arriscar a súa vida para que puidésemos coñecer que a realidade non era a que nos contaba o chamado tríptico das Azores: non había armas de destrución masiva en Iraq, tal e como anos despois recoñeceron Bush e Blair, a diferenza de Aznar que segue instalado na mentira”, dixo o alcalde.

O cuarteto de gaitas Os Ozóns, César de Centi e Fito Mansilla puxeron a música neste emotivo e reivindicativo acto.

O Concello acollerá a tres mulleres ameazadas no seu país por defender os dereitos humanos ▼

◆ O Concello formará parte da programa Galicia Abriga, un sistema de acollemento temporal de mulleres defensoras dos dereitos humanos que sofren algún risco no seu país de orixe. No caso de Oleiros, as persoas acollidas atópanse ameazadas polo seu traballo en defensa dos dereitos humanos e o feminismo en Centroamérica.

Ofrecer un espazo seguro a estas tres mulleres que teñen ameazada a súa vida ou integridade física ou psicolóxica por mor do seu labor é o obxectivo desta iniciativa, que axudará a que saian do contexto de risco no que se atopan. Este programa lévase a cabo por un equipo xestor no que participan as ONG Solidaridade Internacional de Galicia, Agareso, Ecos do Sur e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e que conta cunha rede de apoio na que figuran outras 15 organizacións e universidades galegas.

VI Carreira da Luz, o venres 26 de abril

◆ O alumnado do IES Miraflores organiza por sexto ano a Carreira da Luz, unha iniciativa deportiva con fins solidarios que neste ano busca cooperar cun proxecto en Malawi para dotar de medio de transporte ás alumnas dun colexio da localidade de Lilongwe. O itinerario da carreira será o habitual, polas rúas do polígono de Iñás. O prazo para apuntarse finaliza o día anterior á carreira, na web do instituto.



Máis recursos para atender as persoas maiores nos seus domicilios ▼

■ **Adxudicado por 2.071.000 euros anuais o Servizo de Axuda no Fogar**

◆ O Goberno municipal blindou a calidade dun dos servizos máis importantes dos que presta o Concello con varias melloras, pensando ante todo no benestar das persoas maiores e dependentes. Neste momento aténdese nos seus domicilios a 238 veciños e veciñas.

Este servizo municipal consiste en ofrecer atención persoal para actividades básicas e instrumentais da vida diaria, outras de carácter psicosocial e educativo así como servizos de cadeiras de rodas ou duchas, camas articuladas, podoloxía, fisioterapia ou perruquería, entre outros. Tamén prestan atención a distancia, como telemedicina, teleseguimento, teleasistencia e semellantes, así como outras necesidades especiais.

Entre os obxectivos principais deste tipo de contratos tan necesarios para mellorar a calidade de vida e autonomía persoal das persoas usuarias residen outros como ofrecer apoio a persoas cuidadoras, fortalecer o sentimento de seguridade das persoas usuarias do servizo, posibilitar a permanencia da persoa no domicilio o maior tempo posible cunha calidade de vida aceptable, evitando así o seu ingreso nun servizo de aloxamento ou centro residencial; prever a deterioración e compensar a perda de autonomía das persoas usuarias, prestándolles axuda parcial ou total para realizar actividades básicas da vida diaria

ou complementar o coidado das persoas menores cando os seus proxenitores ou titores teñen dificultades para garantir a atención das súas necesidades básicas.

Con este novo contrato actualizáronse as tarifas por hora, para que as traballadoras que prestan o servizo poidan ver melloradas as súas condicións económicas. As persoas usuarias seguirán pagando en función á súa renda, aínda que na maior parte dos casos se seguirá bonificando o 100%.

APP PARA AS FAMILIAS

O Concello creou unha ferramenta dixital para que as familias das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar poidan consultar datos como a planificación actual, pasada e futura dos servizos, detallada por días de atención, horario previsto para cada servizo, persoal auxiliar asignando en cada momento, horario real de fichaxe, e funcións a desempeñar cada día. Poderán acceder tamén a información dos servizos complementarios que cada persoa usuaria teña asignados.

As persoas interesadas en dispoñer desta aplicación poden solicitala chamando ao 981 610 000 ou enviando un correo a s.sociais@oleiros.org.

Excursións e sendeirismo para persoas maiores con 1.350 prazas

◆ O programa municipal Ven e Descubre ofrece para este ano 2024 un total de **1.350 prazas** para excursións e rutas de sendeirismo para veciños e veciñas maiores de 65 anos. **Haberá 19 saídas de excursionismo e 11 de sendeirismo.**

O excursionismo consistirá en itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo durante os meses de maio, xuño, xullo e setembro a Lugo, Costa da Morte e O Morrazo. En canto ás rutas de sendeirismo ofértanse itinerarios por Arousa, a Vía Kuning, Monte Neme e A Raia (Galicia-Portugal).

É posible obter información sobre os prazos de inscrición chamando ao 981 610 000 ou na web www.oleiros.org.



Máis actividades de lecer para persoas con diversidade funcional ▼

◆ O Concello vai continuar co programa de ocio saudable dirixido a persoas con diversidade funcional. Para os próximos meses hai programadas varias actividades. As persoas interesadas en participar deben dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade, chamando ao **981 610 000** ou mediante o correo s.sociais@oleiros.org.



Manu Taibo, campión do Mundial universitario sobre xeo ▼



■ Manu Taibo, do SCD Rabadeira, conseguiu a medalla de ouro no Campionato do Mundo Universitario de Patinaxe de Velocidade sobre xeo celebrado en Noruega. O patinador de Broño impúxose a todos os seus rivais na proba Mass Star. Tamén competiu nas probas de 1.000, 1.500 e 5.000 metros.

Damián Ramos, campión da Copa do Mundo de ciclismo ▼



■ Damián Ramos, veciño de Montrove, venceu a contra-reloxo da Copa do Mundo de ciclismo disputada no mes de xaneiro en Australia. Nunha nova demostración do seu poderío sobre a bicicleta, superou con claridade a todos os seus rivais e aumentou así a súa vitrina de trofeos internacionais.

Tres medallas para Marta Fernández no Campionato galego de pista cuberta ▼



■ A distinguida atleta de Santa Cruz, Marta Fernández Hernández, completou unha extraordinaria actuación no Campionato Galego de Atletismo Adaptado en pista cuberta. Logrou medalla en todas as modalidades nas que participou: prata en lanzamento de peso, bronce en 60 metros lisos e prata en 200 metros lisos.

Raúl Couto, campión da Copa de Europa ▼



■ O patinador de Mesón da Auga, Raúl Couto Aradas, logrou a primeira posición na segunda etapa da Copa de Europa de Patinaxe de velocidade celebrada en Portugal. Este triunfo foi en larga distancia, na categoría xuvenil.

Éxito oleirense no Campionato galego de campo a través ▼



■ Mauro Rodríguez, Hugo Zuluaga, Jaime Devesa, Alonso Quintillán, Manuel Maceiras e León Núñez proclamáronse campións galegos de campo a través por equipos. Foi na categoría SUB-16, o pasado mes de xaneiro no campionato disputado en Ribadavia.

O Club Bádminton logra 29 medallas no Campionato Galego ▼



■ O Club Bádminton tivo un espectacular resultado no XLV Campionato Galego Senior de Bádminton. O conxunto oleirense conseguiu un total de 29 medallas, sendo 11 de ouro, 6 de prata e 13 de bronce. Participaron un total de 26 xogadores e xogadoras. Este éxito súmase ao acadado polo club o pasado ano 2023, cando foi medalla de bronce por equipos no Campionato de España. Precisamente ese metal foi entregado ao Concello de Oleiros no mes de febreiro á Concelleira de Deportes Teresa Vázquez.

AXENDA DEPORTIVA ▼

- **Final Liga de Judo:** 20 de abril, 10:00 horas, Pavillón José Antonio García Nieto (Canide).
- **IX Trofeo de natación artística Concello de Oleiros:** 27 de abril, 16:00 horas, piscina do INEF.
- **Campionato Galego de Patinaxe de velocidade:** 26 e 27 de abril, pista de Bastiaqueiro.
- **XXIV Tríatlon Concello de Oleiros:** 25 de maio, 16:00 horas, Mera.

Jorge e Leo Osa Fernández premiados na sede da ONU en Nova York ▼



◆ Os irmáns perilláns Jorge e Leo Osa Fernández, que forman parte do colectivo Estudiantes por la inclusión, recibiron na sede da ONU en Nova York o premio da Asociación Internacional de Síndrome de Down en recoñecemento á elaboración da guía “Cómo hacer más inclusiva tu escuela”. Por este mesmo traballo foron premiados tamén o pasado ano en Chicago, no congreso de educación máis importante do mundo.

No ano 2022 participaron na grabación do documental “Educación inclusiva. Quererla es crearla”, que estrearon no museo Raíña Sofía de Madrid.

Claudio Gallego Toral, da escola municipal de Danza á Ópera de París ▼



◆ O alumno da Escola Municipal de Danza Claudio Gallego Toral foi seleccionado entre 900 bailaríns de toda Europa para participar no curso de verán da Ópera de París. As súas grandes capacidades artísticas para o baile xunto co seu traballo e dedicación, fixeron posible este importante recoñecemento, extensivo á súa familia e aos profesores e profesoras da Escola Municipal.

A Banda municipal brilla nun concerto especial no Auditorio de Mera ▼

◆ A Banda da Escola Municipal de Música, dirixida por Nilo García Armas, deleitou ao público nun maravilloso espectáculo conxunto coa Orquestra de Malabares. Foi unha actuación extraordinaria, dunha calidade musical moi elevada e dunha coordinación magnífica cos malabaristas. O público encheu a sala do Auditorio Gabriel García Márquez.



O 17 de abril abre o prazo de matrícula nas escolas municipais artísticas para novo alumando ▼

◆ As escolas municipais de danza, música e teatro terán aberto o prazo de matriculación para novos alumnos e alumnas do 17 ao 24 de abril. As persoas interesadas poden consultar toda a información na páxina web do Concello, no apartado da Concellería de Ensino. Para calquera dúbida ou consulta é posible dirixirse ao correo ensino@oleiros.org ou tamén poderán chamar ao teléfono 981 639 688 do Centro Municipal de Artes Escénicas ou ao 981 639 143 da Escola Municipal de Música.



Entregado o II Premio Mundiario de xornalismo a Francisco Abuín

◆ O xurado do II Premio Mundiario de xornalismo acordou por unanimidade conceder o galardón a título póstumo ao avogado Francisco Abuín Porto, en recoñecemento á súa destacada labor e compromiso en defensa da liberdade de expresión. A entrega do premio á súa familia realizouse nun emotivo acto público en Casa Charry. O editor e fundador de Mundiario José Luis Gómez e o alcalde Ángel García Seoane presidiron o acto.

Os nenos e nenas do Colexio Rabadeira celebran o Día da Paz cun camiño de pedras ás portas da Casa do Concello ▼



◆ Un nutrido grupo de nenas e nenos de 5º e 6º de primaria do CEIP Rabadeira achegouse á Casa Consistorial para celebrar o Día da Paz realizando un camiño de pedras simbólico que partiu desde a praza de Galicia ata todos os lugares do mundo. Tamén leron un manifesto a prol da paz.

O alcalde, Ángel García Seoane, recibiu e conversou cos rapaces e rapazas sobre a paz no mundo e as inxustas guerras que están a romper familias e asasinar a milleiros de nenos e nenas inocentes, para finalmente emprazar a todos as crianzas a traballar por un mundo máis xusto, máis amable cos que precisan axuda e a seren os “verdadeiros soldados da paz mundial”.

Alumnado do Luis Seoane planta 12 árbores polo Día da árbore ▼



◆ Con motivo do Día da árbore, o alumnado do Colexio Luis Seoane plantou 12 novas árbores nas zonas verdes públicas de Canide. O Concello colaborou nesta actividade organizada pola Asociación Veciñal San Cosme Maianca. Por parte do centro escolar tamén se organizou unha representación teatral, á que asistiron persoas maiores da residencia pública de Oleiros.

A emisora do Colexio Rabadeira emítese en Radio Oleiros ▼

◆ O alumnado do CEIP Rabadeira, da man de Ana Perandones, directora do centro; José Luis Río, docente; e Nuria Martínez, responsable da biblioteca; iniciaron o proxecto de creación dunha emisora de radio escolar. Recentemente, os profesionais de Radio Oleiros desprazáronse ao centro para gravar un programa que se emitiu pola emisora municipal, igual que os próximos programas.

Esta iniciativa coincide co 50 aniversario deste colexio, que se celebrará no mes de maio, cando se gravará un programa especial no que todo o equipo docente e os alumnos e alumnas están colaborando na elaboración do guión. O obxectivo é entrevistar a personalidades importantes de Oleiros, entre moitas outras sorpresas.



O IES María Casares participa nun intercambio cun instituto francés ▼

◆ Un grupo de alumnos e alumnas do Liceo College La Salle de Annecy (Francia, pero moi preto da cidade suíza de Xenebra) visitaron Oleiros recentemente en compañía doutro grupo do IES María Casares, que lle devolverá a visita. Ademais de coñecer o municipio, foron recibidos en Casa Charry polo alcalde, Ángel García Seoane, e os concelleiros María José Santos e Ramón Maceira que os agasallaron cun conxunto de publicacións municipais onde se detalla a historia do municipio, o patrimonio público arquitectónico e cultural así como os numerosos espazos verdes dos que puideron gozar durante a súa visita a Oleiros.

Familias inquedas: novos obradoiros para apoiar a nais e pais na educación ▼

◆ Nas próximas semanas abrirase o prazo de inscrición para participar nos obradoiros Acompañando na adolescencia e Educa Bonito, dirixidos a apoiar ás familias na crianza e educación dos seus fillos e fillas dunha forma respetuosa, baseada na comunicación non violenta, o respecto, a igualdade, a confianza, a empatía e a educación emocional, reforzando os vínculos

Novas rutas culturais e familiares para os meses de abril, maio e xuño ▼

◆ *Andares por Galicia, a cultura da natureza* céntrase en descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural da nosa terra e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural. Así mesmo trata de promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

Como novidade nesta edición inclúense dúas rutas familiares, que serán o 20 de abril e o 29 de xuño, para nenos e nenas de educación primaria en adiante, acompañados dos seus pais/nais ou titores legais.

As persoas interesadas poderán inscribirse a través da Sede Electrónica cun prazo aproximado de 15 días antes da celebración de cada ruta. Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Oleiro e na web municipal.



RUTA FAMILIAR: PONTECESO - PRAIA DE BALARÉS E MUSEO DO MELGA

• **Sábado 20 de abril**

Ruta polo río Anllóns e vila de Ponteceso, Casa de Eduardo Pondal (non se visita), observación aves no Esteiro de Anllóns, ZEC Costa da Morte (Rede Natura 2000, piñeiral de Balarés, área de lecer, Miradoiro do Alto das Travesas e visita ao MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia). En caso de mal tempo: visita á olaría de Aparicio (Buño)



RUTA POLO COSTA DA MORTE NORTE: DE CAIÓN AO PORTO DE RAZO

• **Sábado 11 de maio**

Recorrerase Caión, Praia dos Salseiros, ZEC Costa da Morte, Leira, Pedra do Sal Areal e lagoa de Baldaio, Razo, praia fósil e porto de Razo e finalizarase cunha visita cultural aos murais "Derrubando muros" de Carballo.

■ *O programa municipal Andares por Galicia, a cultura da natureza combina actividades de sendeirismo en espazos naturais con visitas a museos ou outros lugares de interese cultural, histórico ou patrimonial.*



RUTA DE PEDRAFITA DO COUREL A PARADA POR CASTRO DE BRIGO

• **Sábado 25 de maio**

A ruta comezará en Pedrafita do Courel pasando por Castiñeiro do Val da Fonte (árbore senlleira), Paderne, Castro de Brigo, Mercurín, Enteladoiros (Val das Mouras) para finalizar cunha visita cultural á Casa Museo de Uxío Novoneyra.



RUTA DA RÍA DE LIRES AO CABO DE FISTERRA

• **Sábado 15 de xuño**

A ruta comeza na ría de Lires pasando pola ZEC Costa da Morte, pola praia do Rostro, praia de Mar de Fóra, cabo Fisterra, faro de Fisterra e finalizando cunha visita cultural guiada ao Castelo de Fisterra: Museo do Mar e a Pesca.



RUTA FAMILIAR: LAGOA E MOSTEIRO DE SOBRADO

• **Sábado 29 de xuño**

A ruta comeza na Fraga da Casa do Gado pasando pola lagoa de Sobrado, o Camiño de Santiago Norte, Mosteiro de Sobrado dos Monxes, área de lecer de Ponte Pedra, Carballo de Portacal (árbore senlleira) para finalizar cunha visita cultural ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes.

Recital poético para celebrar o Día das Letras o 16 de maio ▼

◆ Dentro das numerosas actividades programadas polo Concello para conmemorar o Día das Letras Galegas, **o xoves 16 de maio (19:00 horas)** terá lugar un recital a cargo de Chus Álvarez, acompañada ao piano por Angeles Dorrio. Será nas **Torres de Santa Cruz**.

O recital comezará e finalizará con poesías de Luísa Villalta. Tamén haberá obras de Estibaliz Espinosa, M^a Xosé Queizán, Xohana Torres, Rosalía de Castro...



Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ As bibliotecas públicas municipais programan diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a crianzas maiores de 2 anos. Para participar nas actividades é imprescindible reservar praza previamente en cada biblioteca ou ben chamando por teléfono desde 10 días antes da data da realización da actividade. Todas as sesións celebraranse ás 18:30 horas nos días indicados.

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO 981 639 511

ABRIL:

▶ **Día 18:** *Leo e a música* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)

▶ **Día 25:** *Queremos a paz!* con **Trinke Trinke Teatro** (+ 5 anos) Conmemoración do Día Mundial do Libro

MAIO:

▶ **Día 2:** *Son animal* con **Paco Nogueiras** (entre 2 e 4 anos)

▶ **Día 9:** *Cantos contos canto* con **Pablo Díaz** (+ 5 anos)

▶ **Día 16:** *A nena do violino e a poesía* con **Trémola Teatro** (+ 5 anos) Conmemoración do Día das Letras Galegas



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ 981 626 338

ABRIL:

▶ **Día 17:** *Con certo aire musical* con **Fran Amil** (entre 2 e 4 anos)

▶ **Día 24:** *C@nto contigo* con **Paco Nogueiras** (+ 5 anos) Conmemoración do Día Mundial do Libro

MAIO:

▶ **Día 8:** *Contos no ar* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

▶ **Día 15:** *Contos con miga* con **Migallas Teatro** (+ 5 anos) Conmemoración do Día das Letras Galegas



• BIBLIOTECA M^a JOSÉ TRINCADO. MERA 981 628 507

ABRIL:

▶ **Día 19:** *Cueiros de cores* con **Trinke Trinke** (entre 2 e 4 anos)

MAIO:

▶ **Día 10:** *Con ou sen consentimento* con **Fran Amil** (+ 5 anos) (entre 2 e 5 anos)



• BIBLIOTECA M^a JOSÉ RUSO. DORNEDA 981 626 638

ABRIL:

▶ **Día 22:** *Leo e os números* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos) Conmemoración do Día Mundial do Libro

MAIO:

▶ **Día 13:** *Coa cabeza a paxaros* con **Charo Pita** (+ 5 anos)



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS 981 664 257

ABRIL:

▶ **Día 26:** *O cazador de contos* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos) Conmemoración do Día Mundial do Libro

MAIO:

▶ **Día 10:** *De cabeza aos pés* con **Charo Pita** (+ 5 anos)



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS 981 610 700

ABRIL:

▶ **Día 23:** *Extra!* con **Paco Nogueiras** (+ 5 anos) Conmemoración do Día Mundial do Libro

MAIO:

▶ **Día 14:** *Contos do meu avó* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos) Conmemoración do Día das Letras Galegas



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ 981 618 201

ABRIL:

▶ **Día 25 abril:** *Tatarantantantiña* con **Charo Pita** (entre 2 e 4 anos)

MAIO:

▶ **Día 9:** *Animais do bosque* con **Trinke Trinke Teatro** (+ 5 anos)



Festa da lingua nas Torres de Santa Cruz o sábado 11 de maio

◆ A xornada constará de 4 espectáculos culturais dirixidos aos nenos, nenas e familias do municipio. Trátase dunha festa ao aire libre, onde ademais de participar das actividades, xogos, concertos e contacontos propostos, haberá unha zona habilitada para comer.

- **Ás 12.30h** - Concerto de Pakolas: Rockeando coas que máis molan
- **Ás 16.00h** - Xogos Poporrubio
- **Ás 17.00h** - Carapuchiña vermella, con Ángeles Goas
- **Ás 18.30h** - Concerto de Paco Nogueiras: Son Animal

Información e inscricións en lingua@oleiros.org (seleccionando as actividades nas que se quere participar e achegando os datos: nome da nena ou neno, idade, nome das persoas acompañantes, teléfono e correo electrónico).

Roteiro Seixo Branco en familia, o domingo 28 de abril ▼

◆ O Concello organiza o domingo 28 de abril ás 11:00 horas unha visita en familia ao Monumento Natural. As persoas participantes descubrirán as curiosidades da contorna natural, así como as abraiantes furnas ou covas mariñas, e por suposto, unha morea de palabras na nosa lingua para describir a marabillosa paisaxe.

Neste lugar de esplendorosas rochas, as pedras serán as protagonistas dun obradoiro de artesanía. A actividade consiste en buscar en familia o tesouro das "Pedras Máxicas" entre os piñeiros, e posteriormente realizaranse deseños cheos de cor.

A duración total da actividade é de 2 horas e media (roteiro e obradoiro). O prazo de inscrición abrirase o 22 de abril.



Festival en Mera o 2 de maio coas Tanxugueiras como cabeza de cartel ▼

◆ O Parque da Lagoa de Mera acollerá o xoves 2 de maio o Quérote-Fest, un festival no que actuarán unha selección dos mellores artistas e grupos galegos do momento. Forman o cartel do evento **As Tanxugueiras, Grande Amore, The rapants, Mondra, Lonreira, Os Festicultores, D Ninghures, Orquestra Los Satélites e Manuel Turnes (DJ)**. O acceso é libre e gratuíto. Está previsto o inicio da festa para as 20:00 horas. A TVG emitirá o concerto.



■ As Tanxugueiras xa actuaron na Fábrica no 2020

Nova área de aparcamento para o auditorio Gabriel García Márquez ▶

◆ Nas vindeiras semanas vai se habilitar como aparcamento público o antigo campo de fútbol de Mera, na rúa do Xabron. Vaise proceder á demolición das edificacións existentes e á sinalización do espazo. Está pensado para dar servizo ao auditorio Gabriel García Márquez pero tamén para desconxestionar o centro da localidade durante os meses de verán polo incremento de vehículos con motivo das praias.



Máis apoio do Concello para as Comisións de Festas ▼

◆ O Concello presta, desde sempre, un importante apoio ás entidades que organizan as festas das distintas localidades aportando recursos humanos, medios materiais e os espazos públicos necesarios. Para poñer en común distintas cuestións relativas á necesaria coordinación entre Concello e entidades, o alcalde reuniuse cos representantes das distintas comisións de festas e reafirmou o compromiso do Goberno municipal por seguir prestando apoio ás distintas entidades, máis se cabe neste momento no que numerosas trabas lexislativas impostas por Xunta e Estado complican a organización.

I Festival de Big Bands Concello de Oleiros, o 19 de abril ▼



◆ O auditorio Gabriel García Márquez de Mera acollerá o venres 19 de abril (20:00 horas) a primeira edición do Festival de Big Bands Concello de Oleiros. Ademais da Big Band de Oleiros, dirixida por Alber Grela, actuará a Big Band do Conservatorio profesional de música de Carballo.

Actividades e visitas guiadas no Museo Os Oleiros para conmemorar o Día Internacional dos Museos ▼

◆ O Concello de Oleiros, a través do Museo Os Oleiros, programa numerosas actividades de restauración, artesanía e visitas guiadas ás exposicións permanentes sitas no castelo de Santa Cruz e no propio museo Os Oleiros, situado no Centro Cultural As Torres de Santa Cruz.

Durante o mes de maio e para conmemorar o Día Internacional dos Museos; realizaranse todos os martes do mes ás 17:30 horas, vistas guiadas ás exposicións do castelo e os mércores, á exposición permanente do Museo Os Oleiros. Os días 23, 24 e 25 de maio realizarase un obradoiro de restauración cerámica para maiores de 12 anos e os días 8, 15 e 22 de xuño, un obradoiro de introdución á biocerámica no centro cultural As Torres.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Israel e Eurovisión

Resulta indignante todo o que pasa coa guerra de Gaza. Pero no ámbito do simbólico e propagandístico, quero centrarme en Eurovisión. Máis aló das frivolidades dun espectáculo musical e artístico (certo que moitas veces de innegable valor creativo e engaiolante atractivo), Eurovisión é unha importante arma propagandística sobre identidades nacionais do ámbito europeo. Israel leva anos explotando a súa natureza de estado nacional, homoxeneizando a súa esencia coas dos estados europeos dos que naceu.

Israel leva 80 anos roubando territorio ás familias palestinas que vivían, e organizando a punta de metrallera un estado apoiado por Estados Unidos e as principais potencias europeas, que tras a segunda guerra decidiron facilitar ese terreo aos xudeos.

Ceder a Israel espazos simbólicos de gran impacto popular como Eurovisión foi un xeito de dar carta de natureza a ese país inventado, confesional, militarizado, racista e agresivo, como se está vendo en Gaza e como levamos véndoo desde hai décadas.

En pleno xenocidio palestino, estiveron dando voltas a enviar unha canción con certo contido político e seren descalificados por esa razón, para evitar polémicas. Pero últimamente sábese que cometerán a desfachatez: os xudeos de presentar o espectáculo a concurso e a UER de aceptarllelo porque “a canción xa non ten referencias políticas”. A cousa corroe moito máis, cando Rusia foi eliminada sen consideración algunha pola guerra de Ucraína. Pero a Israel permíteselle todo.

Diego López - Montrove

Froita e chourizo na corte

Si. Corte, en galego, é un espazo que polo xeral ule mal... pero a villa y corte, Madrid, o centro das grandes operacións do Estado, ule aínda peor. As corruptelas de conseguidores salpican ao antigo ministro de transportes, que agora é deputado e non quixo deixar o escano pese a que o seu partido, o PSOE, pediullo.

Tamén á falabarato presidenta de Madrid, noiva dun comisionista que en plena pandemia vendía máscaras sanitarias... ambos habitan un pisazo en Chamberí, mercado en plena pandemia por un pas-tón, momento no que coincide que o chaval gañou máis de 2 millóns de euros vendendo ese material hixiénico.

Vivimos no país do Lazarillo de Tormes, no país dos listos, da pillaxe, dos vagos e maleantes. A nobreza do traballo, da creatividade, das ideas realmente impor-

tantes para o progreso das persoas, do ben común, quedan atrás, esquecidas no aburrido faiado dos decentes.

Vivimos nun ascazo de lugar no que os espabilados aproveitan calquera circunstancia para dar un pelotazo. É o liberalismo económico, o pracer dos negociantes, o diñeiro, canto máis e máis sinxelo de gañar, mellor que mellor.

Xa hai quen pide unha investigación xeral sobre os negocios que se fixeron cando a pandemia. É de supoñer, paradóxicamente, que a maioría das operacións realizadas fóron correctas, porque os infames comportamentos morais importan menos que as formalidades: o noivo da presidenta pode que o fíxese todo ben, xa que o que investiga a fiscalía é se dúas enormes facturas que fixo para aforrar impostos (a unha empresa africana e a outra mexicana) son correctas. E ata pode que o sexan. Despois cada quen que pense o que queira.

María Luisa Rodríguez Crespo - Perillo

Autobús e información

Parece moi feliz e satisteita a Xunta co traballo feito en materia de transporte público metropolitano, pero alomenos eu non lle vexo nivel á cousa. Xa non falo de frecuencias, de trazados ou dos servizos que se ofrecen nas zonas máis ailladas, ou da calidade o a comodidade dos autobuses para atender a demanda en horas punta (nen un só bus articulado de alta capacidade). Tampouco do irracional trazado na Coruña, tendo que pasar pola Estación de Autobuses, como hai 40 anos, cando xa tantas cousas mudaron no panorama.

Quero falar de algo que debería estar superadísimo: a información, a claridade e a facilidade de acceso a ela por parte de usuarios e usuarias. Non hai unha APP con información xa non en directo, senón simplemente coa estrutura de horarios. As marquesiñas non ofrecen nengún dato, simplemente non se coidan ou non existen. Considérase ao usuario un cautivo do autobús, por iso simplemente se obvia que debe existir un sistema actualizado, coherente e contemporáneo de transmisión de horarios e circunstancias dese torrente sanguíneo do territorio que deba ser o transporte público.

Vaia vde. a calquera parada de autobús na comarca, a ver se atopa algún tipo de información útil; bucee no web do transporte público de Galicia a ver se vai máis aló dunha simple relación de difícil lectura de percorridos e horarios, máis feitos para espeleólogos da consulta que para persoas comúns que busquemos datos sinxelos como a qué horas pasa o bus.

A.M.L. - Maianca

Contra o racismo, concienciación acompañada de graves consecuencias

España volta a ser noticia nos últimos tempos polas diferentes agresións de carácter racista que teñen lugar nos campos de fútbol. Hai uns meses vivimos un episodio que deu a volta ao mundo, co xogador brasileiro Vinicius Junior sendo obxecto de gritos de “Mono, mono” nun partido, sinalando ao autor. A repercusión internacional dese lamentable incidente tivo numerosos efectos e deu lugar a diversas accións por parte das autoridades deportivas españolas, chegando ao seu punto máis alto o pasado día 26 de marzo coa celebración dun encontro amigable entre as seleccións de fútbol masculinas de España e Brasil, baixo o lema de loitar contra o racismo.

Sen embargo, practicamente catro días despois, Cheikh Sarr, xogador do Rayo Majadahonda, foi insultado de forma racista nun encontro, e acabou enfrontándose ao afeccionado que levara a cabo esa agresión verbal. Agora, este futbolista expone a unha grave sanción, xa que foi directamente expulsado polo árbitro ao entender que agredirá ao seguidor que o insultara, e non parece que o responsable vaia a ter ningún tipo de castigo.

Todo isto debería levarnos a unha reflexión. Dende hai anos tratamos de atallar este tipo de situacións con programas de concienciación para todos e todas, sobre todo para as crianzas e a rapazada, co fin de que nunca adquiran estes comportamentos racistas. Sen embargo, como vemos, só iso non está sendo suficiente. Urxe que o estado español e as autoridades deportivas poñan freo a este tipo de situación.

Ademais de levar a cabo accións de concienciación, aínda que sexan tan inertes como un partido amigable de fútbol, hai que aplicar todo o peso da lei. Compre endurecer a lexislación estatal para que calquera tipo de agresión racista, verbal ou física, teña unhas consecuencias importantes para aquel ou aquela que a leve a cabo, de forma económica ou, incluso, penal.

E por parte das autoridades deportivas, urxe poñer nas mans dos equipos e dos xogadores que sofren este tipo de situacións, a posibilidade de non seguir xogando un partido se isto ocorre, sen ningún tipo de sanción por retirarse do encontro. É a única forma que existe para frear uns comportamentos que están proxectando unha imaxe de España como un país encallado no seu pasado.

Pedro García Ojea - Nós

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



38.788
habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 10 de abril

DEXO (Santa María)	1.475
DORNEDA (San Martiño)	3.765
IÑÁS (San Xurxo)	1.318
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.333
MAIANCA (San Cosme)	1.687
NÓS (San Pedro)	5.000
OLEIROS (Santa María)	3.323
PERILLO (Santa Leocadia)	9.230
SERANTES (San Xulián)	1.657

TOTAL 38.788

Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA

Datas

■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 12 ao 18 de abril
■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 19 ao 25 de abril
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 26 de abril ao 2 de maio
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 3 ao 9 de maio
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 10 ao 16 de maio
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 17 ao 23 de maio
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 24 ao 30 de maio
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 31 de maio ao 6 de xuño
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 7 ao 13 de xuño
■ IÑÁS • Av. das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 14 ao 20 de xuño
■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 21 ao 27 de xuño
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 28 de xuño ao 4 de xullo

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	23 abril / 23 maio / 21 xuño
Mingua	30 abril / 30 maio / 28 xuño
Nova	8 maio / 7 xuño / 6 xullo
Medra	15 maio / 14 xuño / 13 xullo

Un templo para a cultura e o deporte

• O multiusos de Bastiaqueiro xa está en obras ▼

■ O pasado mes de xaneiro celebrouse o acto oficial de colocación da primeira pedra na actual zona deportiva da avenida de Ernesto Che Guevara. Tras a adxudicación por case 11,6 millóns de euros, iniciáronse as obras do que será un gran recinto para espectáculos, feiras, congresos e deportes. Unha instalación multifuncional integrada na paisaxe, con diversos tipos de salas e cos espazos habituais nestes recintos.



◆ O futuro edificio terá 2.295 m², un espazo central que pode albergar, segundo se configure, ata 2.250 persoas con dous tipos de gradas (unhas fixas e outras desmontables), unha gran sala para usos diversos de 140 m² e outras 4 de menor tamaño, ademais de amplos corredores que poden utilizarse para eventos ou exposicións, camerinos, aseos, almacéns, etc.

Desde fóra, conseguirá unha boa integración na paisaxe debido á súa forma circular con bancais, estilo zigurat, con vexetación nas cubertas e co fondo natural do Bosque dos Veciños, en concreto co souto de castiñeiros da antiga escola agrícola.

No acto da primeira pedra participaron representantes das entidades deportivas, sociais e culturais que levaron fotografías e outros obxectos para enterrar nos cimentos do edificio, xunto con publicacións, algunhas monedas e unha "Carta a quen sabe quen" do alcalde, Ángel García Seoane, que dixo que estabamos ante a obra máis importante do municipio, que tiña que converterse nun auténtico foro de cultura, deporte e vida económica para Oleiros.



O acto ritual de inicio das obras consistiu no enterramento dunha caixa metálica coas testemuñas do Oleiros deste tempo. A carta que deixa escrita o alcalde fai algunhas conxecturas sobre se alguén poderá chegar a abrir esa caixa e en qué momento acontecerá: "Non sabemos se chegarán a ser descifradas por alguén no futuro. Non sabemos se alguén as atopará ou incluso se poderá entendelas. Escribimos en galego, un idioma que moitos amamos con orgullo, pero outros non usan. Pensan que é unha lingua de pobres. Non sabemos se vós seguides comunicándovos con linguaxes, con palabras e con intelixencia humana, ou xa tedes outros xeitos de facelo".

Tras describir os esforzos que fai Oleiros para ser un lugar cada vez mellor e con maior calidade de vida, bota unha ollada ao mundo: "Enormes cantidades de persoas neste mundo de hoxe continúan a vivir sen redes de hixiene, sanidade, auga limpa ou saneamentos, sen plataformas educativas, desleigados, sen horizontes de mellora e cunha baixa esperanza de vida (aquí vivimos 87 anos, pero só 2.000 km ao sur, acadan de media os 64). Outras, en cambio, nadamos na abundancia, mal gastamos, consumimos sen límites, temos moitas máis cousas das que necesitamos, non sabemos que facer co que nos sobra e contaminamos o planeta moito máis que o resto.

O alcalde remata a misiva confiando no reequilibrio do mundo e na conquista da paz.

